

# Inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento 2020/2021

RESUMO EXECUTIVO

Observatorio de Persoas Tituladas  

---

Universidade de Vigo



**Consello Social**  
*Universidade de Vigo*

## **Edita**

Consello Social – Universidade de Vigo

## **Dirección**

Luis Espada Recarey  
*Profesor Emérito*

## **Análise de datos**

Víctor Manuel Martínez Cacharrón  
*Enxeñeiro Industrial*

## **Colaboración**

Antonio Collazo Fernández  
*Director da Eido (Escola Internacional de Doutoramento da UVigo)*

Joaquín Collazo Rodríguez  
*Director da Área de Calidade*

José Luis Gómez Reboiro  
*Xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao*

Ignacio Pérez Juste  
*Subdirector da Eido*

José Miguel Dorribo Rivera  
*Técnico superior de Calidade – Área de Calidade*

Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade

Observatorio de Persoas Tituladas  
**Universidade de Vigo**

Campus Universitario das Lagoas-Marcosende  
Edificio Fundación  
36310 Vigo  
Tlf: 986 812 192  
Correo-e: [observatorio.egresados@uvigo.gal](mailto:observatorio.egresados@uvigo.gal)  
Páxina Web: <https://observatorio.uvigo.gal/>

*Este documento é propiedade do Consello Social da UVigo.  
Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se citar o seu título e ao Consello Social como editora.*

## Índice

Introdución .....	5
Obxectivos.....	7
1. Obxectivo principal.....	7
2. Obxectivos específicos .....	7
Datos técnicos.....	9
Resultados.....	11
1. Perfil socio-demográfico .....	11
1.1 Sexo .....	11
1.2 Procedencia.....	11
1.3 Lugar de residencia .....	12
2. Perfil académico.....	13
2.1. Rama de coñecemento.....	13
2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo .....	13
2.1.2 Programa de doutoramento segundo o sexo .....	13
2.2. Modalidade de acceso aos estudos de doutoramento .....	14
2.3 Universidade de procedencia.....	14
3. Situación laboral anterior á realización dos estudos de doutoramento.....	15
3.1 Experiencia laboral previa á realización do doutoramento.....	15
3.1.1 Experiencia laboral previa segundo a rama de coñecemento .....	15
3.1.2 Experiencia laboral previa segundo o programa de doutoramento .....	15
3.2 Fontes de financiamento durante os estudos de doutoramento.....	16
3.2.1 Fontes de financiamento segundo a rama de coñecemento .....	16
3.2.2 Fontes de financiamento segundo o programa de doutoramento .....	16
4. Situación do mercado de traballo.....	17
4.1 Situación do mercado de traballo a nivel global e por sexo .....	17
4.2 Situación do mercado de traballo segundo a procedencia .....	17
4.3 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia.....	17
4.4 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento .....	18
4.5 Situación do mercado de traballo segundo o programa de doutoramento .....	18
5. Procura de emprego.....	19
5.1 Tempo de procura de emprego.....	19
5.1.1 Tempo de procura de emprego segundo a procedencia .....	19
5.1.2 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento .....	19
5.1.3 Tempo de procura de emprego segundo o programa de doutoramento .....	19
5.2 Tempo en atopar emprego .....	19
5.2.1 Tempo en atopar emprego segundo a procedencia.....	19
5.2.2 Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento .....	20
5.2.3 Tempo en atopar emprego segundo o programa de doutoramento .....	20

<b>6. Emprego actual</b> .....	<b>21</b>
6.1 Lugar do traballo .....	21
6.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento .....	21
6.1.2 Lugar do traballo segundo o programa de doutoramento .....	21
6.2 Modalidade de contratación .....	22
6.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo .....	22
6.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento .....	22
6.2.3 Modalidade de contratación segundo o programa de doutoramento .....	22
6.3 Tipo de contrato .....	23
6.3.1 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo .....	23
6.3.2 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento .....	23
6.3.3 Tipo de contrato segundo o programa de doutoramento .....	23
6.4 Tipo de traballo .....	24
6.4.1 Tipo de traballo segundo o lugar do traballo .....	24
6.4.2 Tipo de traballo segundo a rama de coñecemento .....	24
6.4.3 Tipo de traballo segundo o programa de doutoramento .....	25
6.5 Categoría profesional .....	26
6.5.1 Categoría profesional segundo o lugar do traballo .....	26
6.5.2 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento .....	26
6.5.3 Categoría profesional segundo o programa de doutoramento .....	26
6.6 Ingresos .....	27
6.6.1 Ingresos segundo o lugar do traballo .....	27
6.6.2 Ingresos segundo a rama de coñecemento .....	27
6.6.3 Ingresos segundo o programa de doutoramento .....	27
6.7 Adecuación das funcións ao traballo .....	28
6.7.1 Adecuación das funcións ao traballo segundo o lugar do traballo .....	28
6.7.2 Adecuación das funcións ao traballo segundo a rama de coñecemento .....	28
6.7.3 Adecuación das funcións ao traballo segundo o programa de doutoramento .....	28
<b>7. Satisfacción coa empregabilidade e inserción laboral</b> .....	<b>29</b>
7.1 Satisfacción coa capacitación para desenvolver a carreira investigadora .....	29
7.1.1 Satisfacción coa capacitación para desenvolver a carreira investigadora segundo a procedencia .....	29
7.1.2 Satisfacción coa capacitación para desenvolver a carreira investigadora segundo a rama de coñecemento .....	29
7.1.3 Satisfacción coa capacitación para desenvolver a carreira investigadora segundo o programa de doutoramento .....	29
7.2 Satisfacción coa inserción laboral .....	30
7.2.1 Satisfacción coa inserción laboral segundo a procedencia .....	30
7.2.2 Satisfacción coa inserción laboral segundo a rama de coñecemento .....	30
7.2.3 Satisfacción coa inserción laboral segundo programa de doutoramento .....	30

7.3 Satisfacción coa melloría do nivel socio-laboral.....	31
7.3.1 Satisfacción coa melloría do nivel socio-laboral segundo a procedencia .....	31
7.3.2 Satisfacción coa melloría do nivel socio-laboral segundo a rama de coñecemento .....	31
7.3.3 Satisfacción coa melloría do nivel socio-laboral segundo o programa de doutoramento .....	31
7.4 Satisfacción coa relación do traballo actual co contido do programa de doutoramento .....	32
7.4.1 Satisfacción coa relación do traballo actual co contido do programa de doutoramento segundo a procedencia .....	32
7.4.2 Satisfacción coa relación do traballo actual co contido do programa de doutoramento segundo a rama de coñecemento .....	32
7.4.3 Satisfacción coa relación do traballo actual co contido do programa de doutoramento .....	32
<b>8. Satisfacción global.....</b>	<b>33</b>
8.1 Grao de satisfacción global co programa de doutoramento .....	33
8.1.1 Grao de satisfacción global co programa de doutoramento segundo a procedencia .....	33
8.1.2 Grao de satisfacción global co programa de doutoramento segundo a rama de coñecemento .....	33
8.1.3 Grao de satisfacción global co programa de doutoramento .....	33
8.2 Grao de satisfacción global coa dirección e titorización .....	34
8.2.1 Grao de satisfacción global coa dirección e titorización segundo a procedencia .....	34
8.2.2 Grao de satisfacción global coa dirección e titorización segundo a rama de coñecemento .....	34
8.2.3 Grao de satisfacción global coa dirección e titorización segundo o programa de doutoramento .....	34
8.3 Grao de satisfacción coas competencias adquiridas ao realizar o programa de doutoramento.....	35
8.3.1 Grao de satisfacción coas competencias adquiridas ao realizar o programa de doutoramento segundo a procedencia .....	35
8.3.2 Grao de satisfacción coas competencias adquiridas ao realizar o programa de doutoramento segundo a rama de coñecemento .....	35
8.3.3 Grao de satisfacción coas competencias adquiridas ao realizar o programa de doutoramento .....	35
8.4 Recomendaría a realización do programa de doutoramento .....	36
8.4.1 Recomendaría a realización do programa de doutoramento segundo a procedencia .....	36
8.4.2 Recomendaría a realización do programa de doutoramento segundo a rama de coñecemento .....	36
8.4.3 Recomendaría a realización do programa de doutoramento.....	36
<b>BIBLIOGRAFÍA .....</b>	<b>37</b>
<b>ANEXOS .....</b>	<b>39</b>
Anexo 1: Cuestionario aplicado.....	41
Anexo 2: Distribución dos programas de doutoramento por rama de coñecemento.....	48
Anexo 3: Índice de cadros e figuras.....	49



## Introdución

Desde a súa creación e posta en marcha polo Consello Social da Universidade de Vigo no ano 2016<sup>1</sup>, o Observatorio de Persoas Tituladas realiza un seguimento periódico da poboación titulada da UVigo en estudos oficiais de primeiro (graos) e segundo ciclo (mestrado), materializada através de diferentes estudos de inserción laboral. Nos estudos realizados son analizadas as valoracións do antigo estudiantado sobre a súa experiencia académica e profesional, fornecendo informacións da percepción existente sobre a formación adquirida na universidade e sobre a súa situación laboral actual.

Porén, durante o ano 2022, tamén co apoio e colaboración do Consello Social, o Observatorio elaborou un estudo sobre a inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento entre o ano 1995 e o curso 2019/2020 solicitado pola dirección da Eido e da Área de Calidade da UVigo. Aquel foi un punto de partida necesario para o seguimento periódico por parte do Observatorio da inserción laboral e da satisfacción das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento.

O *Estudo da inserción laboral e da satisfacción das persoas tituladas da UVigo en estudos de Doutoramento no curso 2020/2021*, realizado co apoio e colaboración do Consello Social da UVigo a pedido da dirección da Eido e da Área de Calidade<sup>2</sup>, constitúe o primeiro informe de seguimento anual da medición da empregabilidade e satisfacción dos doutores/as cos programas de doutoramento da UVigo. Este estudo complementa o referido *Estudo da inserción laboral das persoas tituladas da UVigo en estudos de doutoramento (1995-2020)* (2022).

Este Resumo Executivo presenta os resultados máis destacados obtidos da enquisa autoaplicada, realizada á poboación graduada en estudos de doutoramento no curso académico 2020/2021 entre setembro e outubro de 2023, aproximadamente vinte e catro meses despois de finalizar os estudos oficiais de doutoramento na UVigo.

---

<sup>1</sup> Por acordo da súa Comisión de Actividades e Servizos de 3/2/2016, ratificado polo Pleno do Consello Social de 29/4/2016.

<sup>2</sup> Solicitud de 13/3/2023 aprobada pola Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social de 27/7/2023 e ratificado polo acordo do Pleno de 13/11/2023.





## Obxectivos

### 1. Obxectivo principal

Obtención de información actualizada, fiable e útil sobre a empregabilidade e satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021 de cara a mellorar a calidade destes e así contribuír á mellora da formación do estudiantado de doutoramento e á mellora da propia universidade.

### 2. Obxectivos específicos

Este estudo de inserción laboral e de satisfacción dos doutores/as cos programas de doutoramento da UVigo procura obter información sobre os seguintes aspectos:

- Perfil socio-demográfico e académico, situación socio-laboral segundo as variábeis de segmentación sexo, procedencia, idade, lugar de residencia, ramas de coñecemento, estudos de acceso ao doutoramento e características dos estudos de doutoramento
- Experiencia laboral anterior á realización dos estudos de doutoramento.
- Financiamento durante os estudos de doutoramento.
- Condicións profesionais no traballo actual segundo as variábeis de segmentación: lugar do traballo, modalidade de contratación, tipo de contrato, tipo de traballo, categoría profesional, ingresos e adecuación das funcións ao traballo.
- Medición da satisfacción das persoas tituladas cos programas de doutoramento:
  - Satisfacción global co programa de doutoramento realizado, coa dirección e tutorización dos estudos de doutoramento, coas competencias adquiridas e sobre se recomendaría a realización destes estudos
  - Satisfacción coa empregabilidade e inserción laboral relativamente á capacitación para desenvolver a carreira investigadora, a súa contribución a facilitar a inserción laboral e a mellorar o nivel socio-laboral e a relación do traballo actual co contido do programa de doutoramento realizado.



## Datos técnicos

A poboación obxecto de estudo está constituída por 178 persoas tituladas en estudos de doutoramento na UVigo e obtiveron o título de Doutor/a no curso 2020/2021.

A mostra avaliada foi de 111 suxeitos, o que, para un nivel de confianza de 95% ( $p=q$ ), comporta unha marxe de erro máxima asociada de  $\pm 5,723\%$  para o conxunto da mostra e supondo mostraxe aleatoria simples.

Para a consecución de dita mostra foi realizado un mailing por correo electrónico a partir dos contactos fornecidos polo Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade.

Os seguintes cadros mostran diferentes datos en termos absolutos e relativos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida segundo o sexo.

*Cadro 1. Tamaño da poboación e mostra por sexo*

	<b>Poboación</b>	<b>Mostra</b>
<b>Home</b>	86	48
<b>Muller</b>	92	63
<b>Total</b>	178	111

*Cadro 2. Distribución porcentual da poboación e mostra por sexo*

	<b>Poboación</b>	<b>Mostra</b>
<b>Home</b>	48,3	43,2
<b>Muller</b>	51,7	56,8

A mostra avaliada está formada por persoas doutoradas da UVigo en 35 programas oficiais de doutoramento no curso 2020/2021. O Cadro nº3 mostra unha comparativa entre a proporción de persoas graduadas en estudos de doutoramento existente na poboación e na mostra obtida.

*Cadro 3. Distribución porcentual da poboación e mostra segundo o programa de doutoramento*

	<b>% Poboación</b>	<b>% Mostra</b>
<b>Análise Económica e Estratexia Empresarial</b>	6,7	9,9
<b>Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento</b>	1,7	0,9
<b>Bioteconoloxía Avanzada</b>	2,2	4,5
<b>Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria</b>	9,6	7,2
<b>Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces</b>	1,1	0,9
<b>Ciencia e Tecnoloxía Química</b>	3,4	2,7
<b>Ciencias da Educación e do Comportamento</b>	2,2	3,6
<b>Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable</b>	2,2	3,6
<b>Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión</b>	6,2	5,4
<b>Comunicación</b>	3,4	4,5
<b>Creación e Investigación en Arte Contemporánea</b>	2,8	2,7
<b>Creatividade e Innovación Social e Sostible</b>	0,6	0,9
<b>Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais</b>	1,1	0,9
<b>Educación, Deporte e Saúde</b>	3,9	3,6
<b>Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade en Enxeñaría e Arquitectura</b>	2,8	1,8
<b>Endocrinoloxía</b>	1,1	-

Enxeñaría Química	1,7	0,9
Equidade e Innovación en Educación	1,7	1,8
Estatística e Investigación Operativa	1,1	1,8
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	3,4	2,7
Estudos Lingüísticos	2,8	3,6
Estudos Literarios	1,1	0,9
Física Aplicada	1,7	0,9
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria	2,8	1,8
Láser, Fotónica e Visión	1,7	2,7
Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	4,5	5,4
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	1,1	1,8
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	2,2	2,7
Ordenación Xurídica do Mercado	2,8	2,7
Protección do Patrimonio Cultural	3,4	3,6
Química Teórica e Modelización Computacional	0,6	0,9
Sistemas de Software Intelixentes e Adaptables	1,1	-
Tecnoloxía Aeroespacial: Enxeñarías Electromagnética, Electrónica, Informática e Mecánica	1,1	1,8
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	4,5	2,7
Tradución e Paratradución	1,1	0,9
Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria	2,2	1,8
Xestión e Resolución de Conflitos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica	6,2	5,4

O Anexo 2 mostra os programas de doutoramento correspondentes a cada unha das ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Científica, Tecnolóxica e Xurídico-Social.

Para o obxecto deste estudo foi aplicada unha enquisa deseñada a partir dos cuestionarios creados e aplicados polo Observatorio, o cuestionario aprobado pola Comisión de Calidade da Eido para a medición da satisfacción dos programas de doutoramento da UVigo<sup>3</sup> e enquisas semellantes aplicadas á poboación doutorada por outras institucións<sup>4</sup> (cuestionario aplicado dispoñíbel no Anexo 1).

<sup>3</sup> Indicadores específicos para a medición da satisfacción global cos programas de doutoramento, a empregabilidade e inserción laboral

<sup>4</sup> Nomeadamente da AQU (Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya)

## Resultados

Esta parte presenta os principais resultados da enquisa aplicada ás persoas tituladas en estudos de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021.


### 1. Perfil socio-demográfico

Este apartado mostra os principais resultados sobre o sexo, procedencia e lugar de residencia das persoas tituladas en estudos de doutoramento no curso 2020/2021.

#### 1.1 Sexo

A maioría de persoas tituladas en doutoramento da UVigo no curso 2020/2021 que responderon a enquisa son mulleres (56,8%) contra un 43,2% de homes.

Figura 1. Sexo das persoas tituladas en estudos de doutoramento




Creado con Datawrapper

#### 1.2 Procedencia

O 17,1% de doutores/as é de orixe internacional, sendo maior a captación de talento estranxeiro masculino (22,9%) que feminino (12,7%).

Figura 2. Procedencia do talento




Created with Datawrapper

### 1.3 Lugar de residencia

A maioría de doutores/as entrevistados residen en Galicia (58,6%), máis que duplicando a proporción no estranxeiro (28,8%) que noutras comunidades autónomas (12,6%).

Figura 3. Lugar de residencia



Creado con Datawrapper


- > Lugar de residencia en Galicia por provincias [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia en Galicia por concellos [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia noutras comunidades autónomas [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia noutras comunidades autónomas por provincias [[Visualizar datos](#)]
- > Lugar de residencia no resto do mundo por países [[Visualizar datos](#)]

## 2. Perfil académico

### 2.1. Rama de coñecemento

Predominan os titulados/as das ramas Xurídico-Social (35,1%) e Científica (30,6%), seguidos pola Tecnolóxica (17,1%) e Artes e Humanidades (14,4%) contra Ciencias da Saúde (2,7%).


Figura 4. Persoas tituladas segundo a rama de coñecemento



#### 2.1.1 Rama de coñecemento segundo o sexo

Existe sobrerrepresentación feminina en Ciencias da Saúde (66,7%), masculina na Tecnolóxica (68,4%) e paritaria no resto.

Figura 5. Distribución da rama de coñecemento segundo o sexo




#### 2.1.2 Programa de doutoramento segundo o sexo [\[Visualizar datos\]](#)

## 2.2. Modalidade de acceso aos estudos de doutoramento

A maioría accedeu aos estudos de doutoramento logo despois de ter realizado estudos de grao e mestrado (64,9%), seguidos por estudos universitarios oficiais de 300 ECTS<sup>5</sup> (21,6%) e a partir dun grao de 300 ECTS ou máis (4,5%),

Figura 6. Modalidade de acceso ao doutoramento




Creado con Datawrapper

## 2.3 Universidade de procedencia

A maioría da mostra avaliada (51,4%) realizou estudos de acceso ao doutoramento na UVigo, o 20,7% nunha universidade do SUE<sup>6</sup>, o 14,4% nunha universidade estranxeira e o 13,5% noutra universidade do SUG<sup>7</sup>.

Figura 7. Universidade de procedencia



Creado con Datawrapper

Segundo a procedencia, a maioría de doutores/as internacionais procedía dunha universidade estranxeira (78,9%), procedendo da UVigo o 60,9% de doutores/as con cidadanía española.

<sup>5</sup> Con mínimo de 60 ECTS de nivel de mestrado.

<sup>6</sup> Acrónimo de Sistema Universitario Español.

<sup>7</sup> Acrónimo de Sistema Universitario Galego.



### 3. Situación laboral anterior á realización dos estudos de doutoramento

Este apartado aborda a experiencia laboral previa á realización dos estudos de doutoramento e a situación laboral na altura de iniciar os estudos de terceiro ciclo na UVigo.

#### 3.1 Experiencia laboral previa á realización do doutoramento

O 73,9% xa traballara antes de iniciar os estudos de doutoramento finalizados no curso 2020/2021, con diferenzas significativas segundo o sexo. A maioría (54,9%) referiu a adecuación temática ao traballo.

Figura 8. Experiencia laboral previa ao doutoramento



Creado con Datawrapper

#### 3.1.1 Experiencia laboral previa segundo a rama de coñecemento

A experiencia laboral foi total en Ciencias da Saúde e maior na Xurídico-Social (82,1%) e Tecnolóxica (78,9%) que na Científica (61,8%) e en Artes e Humanidades (68,8%). A adecuación temática ao traballo era total en Ciencias da Saúde e maioritaria na Xurídico-Social (62,5%) contra o mínimo en Artes e Humanidades (45,5%), Tecnolóxica (46,7%) e Científica (47,6%).

Figura 9. Experiencia laboral previa ao doutoramento segundo a rama de coñecemento




Creado con Datawrapper

#### 3.1.2 Experiencia laboral previa segundo o programa de doutoramento [[Visualizar datos](#)]

### 3.2 Fontes de financiamento durante os estudos de doutoramento

A inmensa maioría (95,5%) traballou para financiar os seus estudos: o 32,4% grazas a unha bolsa, o 27,0% cun traballo do ámbito dos estudos previos ao doutoramento, o 20,7% como docente ou investigador na universidade<sup>8</sup>, o 8,1% cun traballo non relacionado cos estudos previos de doutoramento e o 7,2% con traballos intermitentes e esporádicos. O 4,5% non traballaba pois estudou a tempo completo.

Figura 10. Fontes de financiamento durante os estudos de doutoramento



Creado con Datawrapper

#### 3.2.1 Fontes de financiamento segundo a rama de coñecemento

A conciliación do traballo cos estudos de doutoramento foi total en Artes e Humanidades e en Ciencias da Saúde, seguida pola Xurídico-Social (97,4%), Tecnolóxica (94,7%) e Científica (91,2%).

Existe moita heteroxeneidade no feito de ter unha bolsa nun abano que vai da maioría en doutores/as da rama Científica (58,8%) ao mínimo de 15,4% na Xurídico-Social. A adecuación temática ao traballo era maior en Artes e Humanidades (43,8%) e Xurídico-Social (35,9%) contra o mínimo de 11,8% na Científica. O emprego como docente ou investigador/a na universidade é máis frecuente en Ciencias da Saúde (33,3%) e Tecnolóxica (31,6%) que na Científica (14,7%).

Figura 11. Fontes de financiamento durante os estudos de doutoramento segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

#### 3.2.2 Fontes de financiamento segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

<sup>8</sup> Incluído profesorado asociado e contratos de investigación.


## 4. Situación do mercado de traballo

Este apartado aborda a situación das persoas graduadas en estudos de doutoramento da UVigo no curso 2020/2021 no tocante ao mercado de traballo na altura de responder a enquisa: emprego<sup>9</sup> (taxa de ocupación), desemprego<sup>10</sup> e inactividade<sup>11</sup>.

### 4.1 Situación do mercado de traballo a nivel global e por sexo

A inmensa maioría de doutores/as (95,5%) estaba a traballar, o 2,7% a procurar emprego e o restante 1,8% inactivo, sendo total a taxa de ocupación masculina contra 92,1% da feminina.

Figura 12. Situación do mercado de traballo




Creado con Datawrapper

### 4.2 Situación do mercado de traballo segundo a procedencia

Sen diferenzas na taxa de ocupación, apenas se rexistrou desemprego nos doutores/as con cidadanía española (3,3%), afectando a inactividade máis aos internacionais (5,3%) que aos nacionais (1,1%).

Figura 13. Situación do mercado de traballo segundo a procedencia




Creado con Datawrapper

### 4.3 Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia

A taxa de ocupación é total no estranxeiro e noutras comunidades autónomas, atinxindo 92,3% en Galicia, única área xeográfica con rexistros de desemprego (4,6%) e inactividade (3,1%).

Figura 14. Situación do mercado de traballo segundo o lugar de residencia



Creado con Datawrapper

<sup>9</sup> Taxa de ocupación: Suma da porcentaxe de persoas tituladas que traballan por conta allea no sector público (61,3%) e empresa privada (27,9%), traballadores/as autónomos (5,4%) e concilian o traballo cos estudos (0,9%).


<sup>10</sup> Desemprego: Persoas tituladas en estudos de doutoramento desempregadas e que procuran emprego.

<sup>11</sup> Taxa de inactividade: Suma da porcentaxe das persoas tituladas que preparan oposicións e estudan a tempo completo (0,9% ambos).

#### 4.4 Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento

A taxa de ocupación é total en Artes e Humanidades e en Ciencias da Saúde, seguida pola Xurídico-Social (94,9%), Tecnolóxica (94,7%) e Científica (94,1%). O desemprego afecta máis na Tecnolóxica (5,3%) que na Xurídico-Social (2,6%) e Científica (2,9%). Rexistraron inactividade as ramas Científica (2,9%) e Xurídico-Social (2,6%).

Figura 15. Situación do mercado de traballo segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

#### 4.5 Situación do mercado de traballo segundo o programa de doutoramento

[\[Visualizar datos\]](#)

## 5. Procura de emprego

Este apartado aborda dous aspectos sobre a procura de emprego: o tempo de procura de traballo das persoas desempregadas na altura de responder a enquisa e o tempo en atopar emprego desde a finalización do programa de doutoramento.

### 5.1 Tempo de procura de emprego

O tempo medio de procura de emprego dos doutores/as desempregados na altura de responder a enquisa é de 1,33 meses, véndose unicamente afectadas por esta situación as mulleres.

#### 5.1.1 Tempo de procura de emprego segundo a procedencia

O desemprego apenas afecta ás mulleres con cidadanía española, identificándose co parámetro temporal referido no apartado anterior.

#### 5.1.2 Tempo de procura de emprego segundo a rama de coñecemento

A duración media do desemprego oscila entre o máximo de 3,00 meses na rama Científica e 1,00 mes na Xurídico-Social.

#### 5.1.3 Tempo de procura de emprego segundo o programa de doutoramento [[Visualizar datos](#)]

### 5.2 Tempo en atopar emprego

O tempo medio (en meses) transcorrido desde a finalización dos estudos de doutoramento no curso 2020/2021 até encontrar emprego<sup>12</sup> foi de 1,88 meses, sendo levemente maior en mulleres (2,03 meses) que en homes (1,68 meses).

Figura 16. Tempo en atopar emprego (meses)



Creado con Datawrapper

#### 5.2.1 Tempo en atopar emprego segundo a procedencia

O tempo medio en arranxar emprego das persoas con cidadanía española (1,96 meses) supera aos estudantes internacionais (1,47 meses). É significativamente maior a proporción de doutores/as con cidadanía española que xa traballaba antes de acabar os estudos de terceiro ciclo (65,6% contra 56,3%).

Figura 17. Tempo en atopar emprego segundo a procedencia (meses)




Creado con Datawrapper

<sup>12</sup> Considerando cero meses o tempo en arranxar emprego dos graduados/as que xa traballaban ao completar o programa de doutoramento (63,6% da mostra avaliada, 66,0% de homes contra 61,7% de mulleres).

### 5.2.2 Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento

Os doutores/as que menos demoraron en atopar emprego realizaron estudos das ramas Xurídico-Social (0,83 meses) e en Artes e Humanidades (0,94 meses) seguida por Ciencias da Saúde (2,00 meses) e Tecnolóxica (2,63 meses) contra o máximo na Científica (3,00 meses).

Figura 18. Tempo en atopar emprego segundo a rama de coñecemento (meses)



Creado con Datawrapper

### 5.2.3 Tempo en atopar emprego segundo o programa de doutoramento [[Visualizar datos](#)]


## 6. Emprego actual

Esta parte avalía as características do traballo das persoas graduadas en estudos de doutoramento no curso 2020/2021 no tocante ás variábeis como o lugar do traballo, modalidade de contratación e tipo de contrato, tipo de traballo, categoría profesional, ingresos e adecuación das funcións ao traballo.

### 6.1 Lugar do traballo

A maioría (56,2%) traballa en Galicia, seguido polo estranxeiro (29,5%) e outra comunidade autónoma (14,3%). A mobilidade profesional afecta significativamente máis aos homes (56,2% contra 33,3%), triplicando a proporción de homes emigrados noutra comunidade autónoma.

Figura 19. Lugar do traballo




Creado con Datawrapper

- > Lugar do traballo en Galicia por provincias [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo en Galicia por concellos [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo noutras comunidades autónomas por provincias [\[Visualizar datos\]](#)
- > Lugar do traballo no resto do mundo por países [\[Visualizar datos\]](#)

#### 6.1.1 Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento

Traballa en Galicia a maioría de graduados/as nas ramas Tecnolóxica (72,2%), Artes e Humanidades (60,0%) e Científica (53,1%) contra un terzo en Ciencias da Saúde e 48,6% na Xurídico-Social. O traballo no estranxeiro é máis frecuente nos estudos da rama Xurídico-Social (35,1%), Ciencias da Saúde (33,3%) e Científica (31,3%) contra o mínimo da Tecnolóxica (16,7%).

Figura 20. Lugar do traballo segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

- 6.1.2 Lugar do traballo segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

## 6.2 Modalidade de contratación

A inmensa maioría de doutores/as (94,3%) traballa por conta allea<sup>13</sup> contra o 5,7% por conta propia<sup>14</sup>, duplicando os homes por conta propia (8,3% contra 3,4%).

Figura 21. Modalidade de contratación




Creado con Datawrapper

### 6.2.1 Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo

O traballo por conta propia é máis frecuente nos doutores/as que traballan noutras comunidades autónomas (6,3%) e en Galicia (5,2%) que no estranxeiro (3,2%).

Figura 22. Modalidade de contratación segundo o lugar do traballo




Creado con Datawrapper

### 6.2.2 Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento

Apenas se rexistrou emprego por conta propia entre os doutores/as das ramas de Artes e Humanidades (18,8%) e Xurídico-Social (8,1%).

Figura 23. Modalidade de contratación segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

### 6.2.3 Modalidade de contratación segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

<sup>13</sup> Taxa de asalarización: Persoas tituladas en doutoramento que traballan como asalariables para outra persoa, empresa ou institución.


<sup>14</sup> Taxa de emprendemento: Persoas tituladas en doutoramento que traballan no réxime especial de traballadores autónomos ou como empresarios/as (titulares dunha empresa).



### 6.3 Tipo de contrato

Entre os doutores/as que asalariados predomina a eventualidade laboral (51,0%), sen diferenzas significativas entre homes (51,2%) e mulleres (50,9%).

Figura 24. Tipo de contrato




Creado con Datawrapper

#### 6.3.1 Tipo de contrato segundo o lugar do traballo

A estabilidade laboral é maioritaria noutras comunidades autónomas (61,5%) e en Galicia (60,0%) contra o 23,3% no estranxeiro.

Figura 25. Tipo de contrato segundo o lugar do traballo




Creado con Datawrapper

#### 6.3.2 Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento

A estabilidade laboral é maioritaria en Ciencias da Saúde (66,7%), Artes e Humanidades (61,5%) e Tecnolóxico (61,1%), afectando a eventualidade laboral á maioría na Científica (61,3%) e Xurídico-Social (54,5%).

Figura 26. Tipo de contrato segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper


#### 6.3.3 Tipo de contrato segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

## 6.4 Tipo de traballo

A maioría (54,3%) de doutores/as traballa na universidade<sup>15</sup>, o 20,0% nunha empresa ou entidade privada, o 15,2% nunha institución/organismo público e o 10,5% nun centro, laboratorio ou instituto de investigación non universitario<sup>16</sup>.

A maioría (67,6%) traballa no sector público, sen diferenzas significativas entre mulleres (68,4%) e homes (66,8%).

Figura 27. Tipo de traballo




Creado con Datawrapper

### 6.4.1 Tipo de traballo segundo o lugar do traballo

A universidade emprega á maioría no estranxeiro (77,4%) e noutras comunidades autónomas (56,3%) contra o 41,4% en Galicia, onde é máis frecuente o emprego na empresa privada (29,3%) e en entidades públicas (20,7%).

O emprego no sector público é máis frecuente no estranxeiro (74,3%) que noutras comunidades autónomas (62,5%) e en Galicia (65,5%).

Figura 28. Tipo de traballo segundo o lugar do traballo



Creado con Datawrapper

### 6.4.2 Tipo de traballo segundo a rama de coñecemento


A universidade ocupa á maioría nas ramas Xurídico-Social (70,3%) e Científica (53,1%), sendo máis frecuente o emprego en centros de investigación non universitarios en Ciencias da Saúde (33,3%) e Científica (21,9%), a empresa privada en Artes e Humanidades e Tecnolóxica (33,3% ambas) e as entidades públicas en Ciencias da Saúde (33,3%) e en Artes e Humanidades (26,7%).

O emprego no sector público é máis frecuente nas ramas Científica (75,1%), Xurídico-Social (73,0%), Ciencias da Saúde (66,6%) e en Artes e Humanidades (60,0%) que na Tecnolóxica (50,0%).

<sup>15</sup> 44,8% nunha universidade pública contra 9,5% nunha universidade privada.

<sup>16</sup> 7,6% nun centro, laboratorio ou instituto de investigación público contra 2,9% de titularidade privada.

Figura 29. Tipo de traballo segundo a rama de coñecemento




Creado con Datawrapper

6.4.3 Tipo de traballo segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

## 6.5 Categoría profesional

O 32,4% de doutores/as graduados da UVigo no curso 2020/2021 ten responsabilidade sobre outras persoas<sup>17</sup>, con diferenzas significativas entre homes (41,7%) e mulleres (24,6%).

Figura 30. Categoría profesional




Creado con Datawrapper

### 6.5.1 Categoría profesional segundo o lugar do traballo

A responsabilidade sobre outras persoas é maior no estranxeiro (42,0%) e en Galicia (31,0%) que noutras comunidades autónomas (18,8%).

Figura 31. Categoría profesional segundo o lugar do traballo




Creado con Datawrapper

### 6.5.2 Categoría profesional segundo a rama de coñecemento

A responsabilidade sobre outras persoas é significativamente maior nas ramas Xurídico-Social (45,9%), Tecnolóxica (44,5%) e en Artes e Humanidades (40,0%) contra a nula en Ciencias da Saúde e 9,4% na Científica.

Figura 32. Categoría profesional segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

### 6.5.3 Categoría profesional segundo o programa de doutoramento [\[Visualizar datos\]](#)

> Categoría profesional segundo o programa de doutoramento por sexo [\[Visualizar datos\]](#)

<sup>17</sup> Categorias profesionais de directivos/as e mandos intermedios.

## 6.6 Ingresos

Metade dos doutores/as inquiridos ten uns ingresos netos mensais superiores a 2000€, ingresando máis de 2500€ unha cuarta parte (25,5%). O 6,1% recibe uns rendementos inferiores a 1000€. O ingreso mediano<sup>18</sup> das persoas graduadas que traballan é de 2000,00€, cunha fenda salarial feminina de 11,10% (238,76€).

Figura 33. Ingresos netos mensais (€)



Creado con Datawrapper

### 6.6.1 Ingresos segundo o lugar do traballo

Son maiores os rendementos medianos<sup>19</sup> do traballo dos doutores/as que traballan no estranxeiro (2188,13€) e noutras comunidades autónomas (2125,75€) que en Galicia (1900,20€), con ingresos mensais superiores a 2000€ maioritarios no estranxeiro (60,1%) e noutras comunidades autónomas (56,3%) contra o 42,4% en Galicia.

Figura 34. Ingresos netos mensais segundo o lugar do traballo (€)




Creado con Datawrapper

### 6.6.2 Ingresos segundo a rama de coñecemento

Os ingresos medianos<sup>20</sup> oscilan entre o máximo en Ciencias da Saúde (3625,50€) e Tecnolóxica (2416,83€) e o mínimo en Artes e Humanidades (1750,50€). Os rendementos superiores a 2000€ abranxen todas as persoas graduadas en Ciencias da Saúde e 64,7% na Tecnolóxica contra o 38,5% en Artes e Humanidades, 43,3% na Científica e 48,6% na Xurídico-Social.

Figura 35. Ingresos netos mensais segundo a rama de coñecemento (€)



Creado con Datawrapper

### 6.6.3 Ingresos segundo o programa de doutoramento [[Visualizar datos](#)]

<sup>18</sup> Ingresos medios: Global (2419,54€), homes (2627,00€) e mulleres (2176,00€).


<sup>19</sup> Ingresos medios: Galicia (2154,35€), outras comunidades autónomas (2410,88€) e estranxeiro (2667,17€).

<sup>20</sup> Ingresos medios: Artes e Humanidades (1717,12€), Ciencias da Saúde (3615,50€), Científica (1916,87€), Tecnolóxica (2426,97€), Xurídico-Social (2536,21€).

## 6.7 Adecuación das funcións ao traballo

A maioría (51,4%) realiza funcións propias do nivel de doutoramento. O 45,7% restante son persoas graduadas sobrecualificadas; isto é, desenvolven funcións de nivel inferior ás propias do nivel de doutorado. Porén, desta porcentaxe o 37,1% fai funcións de nivel universitario e o 8,6% de nivel non universitario.

Figura 36. Adecuación das funcións ao traballo




Creado con Datawrapper

### 6.7.1 Adecuación das funcións ao traballo segundo o lugar do traballo

A adecuación é maioritaria no estranxeiro (83,9%) e noutras comunidades autónomas (62,5%) contra o 31,0% en Galicia, onde a sobrecualificación afecta á maioría (65,5%) de doutores/as contra 16,1% no estranxeiro e 31,3% noutras comunidades autónomas.

Figura 37. Adecuación das funcións ao traballo segundo o lugar do traballo




Creado con Datawrapper

### 6.7.2 Adecuación das funcións ao traballo segundo a rama de coñecemento

A adecuación funcional ao traballo é maioritaria en Ciencias da Saúde (66,7%), Xurídico-Social (56,8%) e Científica (56,3%), afectando a sobrecualificación á maioría en Artes e Humanidades (66,7%) e Tecnolóxica (55,6%) contra o mínimo en Ciencias da Saúde (33,3%), Xurídico-Social (37,8%) e Científica (40,6%).

Figura 38. Adecuación das funcións ao traballo segundo a rama de coñecemento



Creado con Datawrapper

